

RECOÑECEMENTO DE BIBLIOTECAS DE ESPECIAL INTERESE PARA GALICIA

Como solicitar o recoñecemento de Biblioteca de Especial Interese para Galicia?

Os titulares das bibliotecas deben dirixir unha instancia a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, cubrindo o formulario [CT230A "Rexistro de Bibliotecas de Galicia"](#) ao conselleiro competente en materia de Cultura, marcando a caixa "Biblioteca Especial" e facendo constar en "Observacións" as consideracións que estimen que xustifiquen o recoñecemento como biblioteca de especial interese para Galicia.

A instancia presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) de conformidade co establecido nos artigos 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>)

O recoñecemento realizarase mediante orde da consellería competente, logo do estudo e proposta dos servizos da nomeada consellería.